



Concello de Outeiro de Rei

ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS ESTABLECIDOS POLA PRESTACION DE SERVIZOS, ACTIVIDADES, CLASES OU TALLERES NOS EIDOS CULTURAL, SOCIAL E DEPORTIVO

Artigo 1. IMPOSICIÓN

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, ambos os do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Outeiro de Rei na súa calidade de Administración Pública territorial, establécense os prezos públicos pola prestación dos servizos, programas ou actividades a continuación relacionados:

- a) Actividades deportivas, incluíndo o uso de espazos deportivos.
- b) Actividades culturais e de lecer.
- b) Actividades dirixidas á muller e/ou maiores
- c) Actividades de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 2. OBRIGADOS AO PAGO.

1. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, os usuarios ou beneficiarios dos servizos obxecto da presente ordenanza. Tratándose se menores de idade, virán obrigados ao pago da exacción os proxenitores, titores ou responsables legais ou de feito dos nenos/ as que soliciten ou se beneficien dos mesmos.
2. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 3. CUOTA.

A contía que corresponde abonar en concepto de prezo público por prestación dos servizos a que se refire esta Ordenanza será determinada pola Xunta de Goberno Local.

A tal efecto, o servizo correspondente deberá formular unha memoria económica desagregada expresiva da totalidade dos custes previstos de cada actividade ou programa, así coma unha descrición das acción e prestacións incluídas na mesma.

Na memoria económica figurarán os custes directos de persoal e contratacións necesarios para a prestación do servizo ou actividade, así coma os custes indirectos imputables.

Para o cálculo dos custes indirectos, proporase á imputación a dito servizo ou actividade de unha porcentaxe sobor os gastos ordinarios do área funcional correspondente.

O importe do prezo público, con carácter xeral, será igual ou superior ao custe da actividade ou programa salvonos seguintes suposto:

- Actividades dirixidas de xeito específico as mulleres, a menores de 18 anos ou maiores de 65 anos.
- Actividades de conciliación da vida familiar e laboral.

No suposto de que a actividade sexa financiada total ou parcialmente por terceiros, o importe a considerar no cálculo do custe a repercutir aos obrigados se limitará ao importe non financiado.



Concello de Outeiro de Rei

Artigo 4. OBRIGACIÓN E FORMA DE PAGO.

A obrigación de pago dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace no momento en que, previa solicitude do interesado, se autorize a realización da actividade obxecto da mesma, coas normas de xestión reguladas no presente texto.

A forma de pago dos prezos públicos efectuarase mediante autoliquidación, nun só pago que deberá realizarse obrigatoriamente unha vez comunicada a admisión no curso ou actividade de que se trate polos órganos municipais, e en todo caso con carácter previo ao comezo da actividade.

No suposto de que non exista limitación de prazas ou ben que a adxudicación de prazas se efectúe por orde temporal de inscrición, o pago se efectuará simultaneamente coa solicitude de matriculación, debendo xuntarse o xustificante de pago conxuntamente coa solicitude.

Cando se trate dunha actividade continuada no tempo durante varios meses realizarase mediante autoliquidación a cota correspondente á reserva de praza e primeira mensuralidade, debendo facilitar beneficiario o número de conta bancaria para que poidan ser virados os recibos correspondentes ao resto de mensuralidades ou calquera outro período que se estableza.

Artigo 6. FALTA DE PAGO

As débedas por prezos públicos poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de constreñimento, segundo establece o artigo 46.3 do Real decreto lexislativo 2/2004 Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 24/04/2020. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 46 de 26/02/2021].